

MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA

DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

Función Pública que NON FUNCIONA

05/06/2025

A parálise absoluta da Dirección Xeral de Función Pública vese reflexada no día a día na AXE (Admon. Xeral do Estado). Este ministerio amosa a súa inacción e improvisación na xestión diaria da administración, que está desvaluar tanto as condicións laborais do cadro de persoal como os servizos prestados a cidadanía.

*** Presupostos xerais do estado prorrogados.-**

A incapacidade de aprobar os presupostos, tanto para o exercicio de 2024 e máis 2025, impide abordar e implimentar melloras nas condicións laborais na administración do estado.

*** Aplicación do aplicación do R.D. 6/23 e “orde ministerial” sobre Planificación Estratéxica dos RRHH da Admon do Estado.**

Este goberno segue a “folla de ruta” marcada por este marco lexislativo para poder acceder aos fondos europeos sen procurar ningún tipo de acordo cos sindicatos.

*** Acordo salarial.-**

Precisamos negociar dun xeito real un novo acordo salarial que inclúa cláusula de revisión salarial e que corrixa os acordos asinados con CCOO e UGT que nos perpetúan na perda de poder adquisitivo.

*** Xubilación parcial.-**

A publicación do Real Decreto-Lei 11/2024, que entrou en vigor este 1 de abril, presenta cambios moi significativos na xubilación parcial, isto obrigou ao Ministro de Transformación Dixital e para Función Pública a improvisar, xunto con CCOO e UGT, unha Resolución que adapte os contratos relevo do persoal laboral a este novo R.D. A solución “máxica” é a publicación dunha convocatoria oferta de emprego extraordinaria.

A día de hoxe o que podemos dicir é que as xubilacións parciais atópanse totalmente paralizadas.

*** Atrasos pendentes de cobro.**

Segue pendente o abono da suba salarial 0,5% de retribucións do ano 2024 e 2025. Suba froito doutro pésimo “Acordo Marco para unha Administración do Século XXI” asinado por CCOO e UGT.

*** Cadro de Persoal,-**

O goberno segue sen abordar o déficit estrutural que ten a administración, na última década perdéronse máis de 20000 na AXE é un 21% do cadro de persoal ten máis de 60 anos.

*** Ofertas de Emprego Público.**

A piques de rematar o prazo que por lei ten para presentar esta oferta (30 de xuño), un ano máis o goberno non ten intención de levar a súa elaboración e negociación a Mesa Xeral da Administración Pública. Segue sen cumprir o compromiso de eliminar as taxa de reposición, e perpetuando o abuso das contratacións temporais.

O que sabemos é que nesta Oferta de Emprego Público para o ano 2025 o goberno aplicará o criterio de clasificación das prazas por “Areas Funcionais”, é dicir, a aplicación do R.D. 6/23 e “orde ministerial” sobre Planificación Estratéxica dos RRHH da Admon do Estado.

*** Lei da Función Pública.-**

Fai un ano que o Consello de Ministros aprobou o Anteproxecto de Lei da Función Pública, pendente de desenvolver dende aprobación do EBEP fai 17 anos. Un ano despois segue a súa tramitación parlamentaria, paso imprescindible para poder acceder aos Fondos Europeos.